

PROPOSTAS PARA O CURSO DE POLOS CREATIVOS

1. **PROPOSTA 1: TRIVIAL DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.**
2. **PROPOSTA 2: XOGO DE CARTAS E CARTÓNS DE BINGO.**
3. **PROPOSTA 3: DADOS PARA CONTAR HISTORIAS.**
4. **PROPOSTA 4: CROMA PARA AS FLIPPED CLASSROOMS OU REPASO DE CONTIDOS.**
5. **PROPOSTA 5: CREAR UN PODCAST.**

1. PROPOSTA 1

OBXECTIVO: Crear un taboleiro estilo “trivial” cos diferentes contidos levados a cabo ao longo dun tema, trimestre ou curso, para repasar antes das probas.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

Encargaríaselle ao alumnado a elaboración das preguntas e respostas sobre os diferentes contidos (ortografía, sintaxe, gramática e literatura).

MATERIAIS:

-Físicos: será necesario empregar a impresora 3D para a elaboración das pezas e o “plotter” e a cortadora láser para a elaboración do taboleiro e das cartas.

-Dixitais: as cartas elaboraranse mediante CANVA (na versión gratuíta).

-DESTINATARIOS: alumnado da ESO.

PROPOSTA ALTERNATIVA: se colaboramos entre varios poderíamos crear un trivial da ESO, cos diferentes contidos que se van traballando ao longo dos cursos e nas diferentes materias.

2. PROPOSTA 2

OBXECTIVO: crear diferentes xogos de cartas e cartóns de bingo.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:

No primeiro caso, a actividade consistiría na creación de cartas sobre categorías gramaticais. Poden participar ata 4 alumnos/as ou 4 grupos por baralla. O xogo consiste en repartir catro cartas a cada alumno/a ou grupo e deixar o resto no medio da mesa. O alumnado ten que tratar de xuntar 4 cartas da mesma categoría e dicir “bomba”. Para coller unha carta teñen que desbotar unha da súa man.

O segundo caso consiste en elaborar un cartón de bingo como introdución ou repaso de contidos. Podería levalo a cabo tanto na materia de inglés como en castelán. En inglés, poñeríanse palabras relacionadas co vocabulario estudado e en castelán podería empregarse para repasar contidos como as categorías gramaticais ou sintaxe.

MATERIAIS: cortadora láser.

DESTINATARIOS: alumnado da ESO.



3. PROPOSTA 3

OBXECTIVO: crear dados con imaxes relativas ao movemento literario que estamos estudando, ao estilo dos “story cubes”. Un dos obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura e ser quen de crear historias seguindo as convencións propias dun xénero ou movemento literario.

DESENVOLVEMENTO: cada dado tería unha imaxe relacionada co movemento. O alumnado tiraría os dados e coas imaxes que lle saíran tería que elaborar unha historia.

MATERIAIS: impresora 3D para a elaboración dos dados e tamén unha cortadora láser para facer o debuxo.



PROPOSTA 4:

OBXECTIVO: crear vídeos sobre diferentes contidos para empregar como “flipped classroom” ou como repaso de contidos.

DESENVOLVEMENTO: gravar vídeos sobre os contidos traballados para que o alumnado visualice antes de acudir ás sesións presenciais (“flipped classroom”) ou para repasar os contidos na casa.

MATERIAIS: croma.

DESTINATARIOS: alumnado da ESO.

PROPOSTA 5:

OBXECTIVO: crear un “podcast” con entrevistas a varias persoas.

DESENVOLVEMENTO: no terceiro trimestre traballaremos a entrevista, polo que poderíamos empregar a radio para que o alumnado entrevistase a diferentes persoas ou se fixese pasar por un personaxe literario.

MATERIAIS: radio.

DESTINATARIOS: o alumnado da ESO e a comunidade educativa.